



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO)

##### Anuncio

#### CONCESIÓN DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE”, DOS PREMIOS “...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” E DO “PREMIO TURISMO SOSTIBLE” CORRESPONDENTES Á ANUALIDADE 2024

En relación co asunto de referencia, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 20 de setembro de 2024 adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

1º Aprobar a concesión dos Premios “Lugo Cambia ao turismo lucense” ás seguintes candidaturas:

- Ruta dos Lobos da Fonsagrada (Asociación Fonsagrada Balompíe).
- Complexo Histórico e Recreativo das Minas Consuelo e Boulloso do Concello da Pontenova.

2º Aprobar a concesión dos Premios “...E para comer, Lugo á gastronomía lucense” ás seguintes candidaturas:

- Feira do Capón de Vilalba.
- Festa da cereixa, do viño e do aceite do Concello de Ribas de Sil.

3º Aprobar a concesión do “Premio Turismo Sostible” á candidatura do Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen do Concello de Burela.

4º Aprobar a concesión dun accésit ao “Premio Turismo Sostible” á candidatura da Mostra Exposición de Muimenta (MOEXMU) presentada pola Asociación de comerciantes, empresarios, profesionais, gandeiros e autónomos de Muimenta.

5º- Aprobar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e do 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo. En caso de optar polo recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza desestimación por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 20 de setembro de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2799